

ECos



DIANA VARELA PUÑAL\*

(fotos: Alfredo Erias)

## ECO

O mar,  
os ollos abertos dentro do mar,  
auga por dentro,  
auga,  
materia que se degrada,  
núcleo.

O mar,  
respiración que se presente,  
instinto de vida,  
continuidade.

Reptando albiscando  
refuxio na atmósfera esluída,  
resoa o mar  
no fondo das tempas.

O eco do mar  
na orixe das casas,  
primeiro son,  
escuridade.

O eco do mar  
na orixe da conciencia.

Diana Varela Puñal, nacida en Corme, Costa da Morte, trasladouse ós catorce anos á Coruña. Alí estudou a carreira de Dereito, exercendo na actualidade como avogada. Algúns dos seus poemas viron a luz na revista *Xistral* de Lugo, no *Anuario Brigantino*, *Ferrol Xurídico* e no *Correo Gallego*. Despois de gañar o Premio Díaz Xácome, de Mondoñedo, obtivo no 2006, polo seu poemario *FIOS*, o Premio Uxío Novoneyra, de As Pontes de García Rodríguez. *FIOS*, cun poema-prólogo de Luz Pozo Garza, foi editado por Espiral Maior, no 2008.

## ANIMAL NO TEMPO

Aquí dentro, no fondo,  
xusto no centro  
de min estás.  
Sinto ecoar os teus movementos  
deslizándote  
coma un peixe,  
avanzando,  
deixando a un lado o mar  
que vai ondeándome o ventre,  
aurora boreal inzándose,  
facéndose fogar.  
Dous animais o habitan:  
Muller e home;  
ti co teu nome  
e os ollos abertos  
e as mans abertas.  
Habitante único de min  
nadándome.  
Animais.



## SER NO SER

Os teus ollos buscan, ó mirar, algo descoñecido.  
Ausente a palabra, mantés intacta a antesala  
na que as ideas son claras.  
¿Tamén a ti te invade o invisible?

Ensumido o fío que conforma a mirada  
moito antes de facerse recordo,  
nalgún lugar virxe de nomes,  
animal que xogas,  
¿quen ousa distinguirnos?

Ser no ser, entra no teu corpo o aire  
igual có vento a hospedarse na herba.  
É humana a invención do desprezo.

Pechas os ollos para beber, ¿estás vivo!  
Así eu, animal, humildemente, respiro.

## NAO QUE REPOUSAS

Estás deitado coas mans abandonadas  
e o teu corpo é unha nao repousando na ribeira,  
a túa camisa unha vela branca que recollo a tentas  
para verche espidos os brazos mentras descansas.  
Viexo coa mirada pola marmañeira das túas cellas  
e sinto o vento que exhalas e as pestanas cruzadas  
que apretas, como un neno, cando ris.  
Tes as pálpebras húmidas como a mañá da noite de San Xoán.  
Fago un alto no regueiro de mel que che agroma na cara  
e vou bebendo do teu pescozo ata chegar ó delta  
dos teus ombros durmidos.  
Goleta longa que de vagar bailas na solaina,  
¡que sería de min sen o teu corpo!  
Espertaría o meu, eivado, naufraga  
buscándote, coma unha abelliña extraviada.

